



ANPA A SOLAINA

Rúa Cardenal Cisneros, s/n

15570 Narón

Tf.: 981 397737

anpaasolaina@yahoo.es

MEMORIA ANUAL A.N.P.A. CURSO 2015-2016

Como cada ano, chega o final do curso escolar, esta Directiva da ANPA, quixo facer voluntariamente e usando o noso tempo libre, o mellor que podemos para o benestar dos nosos fillos/as.

Entendemos que as actividades-colaboracións-festas-etc.. non sexan do gusto de tódolos pais-nais, temos a ANPA ABERTA a suxerencias-preguntas-queixas-consellos, tanto vía mail-teléfono ou en persoa, sempre se deu resposta ás vosas dúbidas.

SOBRE TODO NECESITAMOS NOVAS INCORPORACIONES, xa que dependemos do noso tempo libre para poder atender tódalos labores que temos nesta ANPA.

Como cada ano, vamos deixarvos constancia das aportacións desta Directiva para o bon funcionamento da ANPA, xa que creemos que é moi importante que os pais/nais saiban cal foi a nosa xestión perante este curso escolar que remata.

- Durante este ano se volveu a levar a xestión das “merendas saudables”.
- Conseguiamos volver a facilitar aos pais/nais a súa conciliación levando a xestión dos almozos.
- Colaboración na festa de Nadal.
- desenvolvemento e funcionamento das actividades extraescolares.
- Solicitouse por rexistro á Dirección do Centro, a posibilidade de contar cun Profesor Bilingüe para o curso 2016-2017, para que os nosos fillos teñan un maior aprendizaxe do inglés, xa que consideramos que é un futuro para eles o idioma. Debido a que ten que ser un labor “voluntario” por parte do profesorado que teñan a titulación exixida, este ano non se pode levar a cabo, non teñades dúbida de que para o ano que ven volverémolo a intentar.
- Participouse constantemente, colaborando co Concello nas actividades que nos demandaron colaboración e activamente na Semana de Seguridade Vial, poñendo todo da nosa parte para participar nela.
- Debido a falla dunha NEVEIRA para poder manter a cadea de frío nas “merendas saudables”, conseguiuase a base de insistencia e reunións na Coruña, que se nos dotase á ANPA dunha “neveira industrial”, fumos buscala á Coruña e despois instalouse na zona habilitada para as merendas.
- Debido aos problemas xurdidos nas anteriores festas por mor do AFORO no pavillón, a Directiva da ANPA por UNANIMIDADE tomou a decisión de que **NON NOS FACEMOS CARGO** das festas que teñan que facerse no PAVILLON por inclemencias meteorolóxicas e superar o aforo permitido, xa que consideramos que é unha gran responsabilidade para nós e vemonos na obriga de que sexa o Centro quen realice as festas, como por exemplo carnaval.
- Conseguiamos incrementar a cantidade subvencionada polo Concello para os “almozos” así como levar unha xestión directa por esta Directiva para que os nosos socios poidan usar as instalacións do Centro dende as 07:30 horas ata as 09:00 horas, con almuerzo incluído, (usouse de media por 35 familias que poideron conciliar a súa vida laboral perante o curso escolar).
- A nosa **GRAN APORTACIÓN E SATISFACIÓN** para este curso, foi o ter conseguido pola **NOSA XESTIÓN DIRECTA**, a realización de obras para facer un **COMEDOR NOVO**, conseguiuase gracias as reunións mantidas por esta Directiva con Delegados da Consellería de Educación, ditas obras vanse a realizar na temporada estival.



ANPA A SOLAINA

Rúa Cardenal Cisneros, s/n

15570 Narón

Tf.: 981 397737

anpaasolaina@yahoo.es

- Outra GRAN MELLORA que se conseguiu, pero que se executara no vindeiro curso escolar, foi a obra de mellora, para cubrir con Tellado dende o Pabellón, ata o voladizo de entrada, para que os nenos/as e os pais/nais, poidan acceder o Pavillón sen mollarse así como estar na entrada e saída dos nenos resguardados da choiva, e poder usar esa zona os nenos nos recreos sen mollarse, ampliando así o espazo común para xogar, esta mellora se conseguiu grazas a reunións no Concello, será acometida polo Concello para o vindeiro ano escolar 2016-2017.
- Fixémonos cargo dos gastos acaecidos para sufragar os monitores das noites da excursión dos nenos de 6º curso.
- Cremos conveniente, realizar algún tipo de agasallo a tódolos nenos do colexio, fixéronse “chalecos reflectantes” para as saídas dos nenos máis pequenos, todo infantil ata 1º de primaria, e debido ao uso xeralizado da bicicleta no noso colexio, agasallouse aos demais nenos cun dispositivo de seguridade para que leven na súa bicicleta.
- Solicitouse a Xunta en repetidas veces, a ampliación de PLAZAS DE COMEDOR ata 90 usuarios, denegándose polo de agora, (nestes intres temos concedidos 70 plazas e non chegan), e debido a que se esta a notar un INCREMENTO xeralizado do uso do comedor, temos en mente outras solucións que se comentarán a principios do curso 2016-2017, para darlle solución a dito problema.

RECORDADE QUE ESTE SÁBADO DÍA 18 IMOS A ESTAR NA FESTA DE FIN DE CURSO, DENDE AS 16:30 HORAS ATA AS 20:00 HORAS, CONTAREMOS COA ACTUACIÓN DO CANTA-BAILA, UN OBRADOIRO GRATUITO DE DESENVOLVEMENTO DA INTELIXENCIA, QUE PODEN ASISTIR TANTO PAIS/NAIS COMA OS NENOS/NENAS, E FINALMENTE (SE NON CHOVE) GOZAR DA FESTA DA ESPUMA. (acordadevos de traer chanclas-toalla-lentes-bañador...). ESTIMAMOS QUE A HORA DA MERENDA SERÁ SOBRE AS 18:00 HORAS.

EN CASO DE CHOIVA TODA A TARDE, A FESTA SE TRASLADARA AO PAVILLON.

VAISE HABILITAR OS ASEOS DO PAVILLÓN, ESTANDO PROHIBIDO O USO DO INTERIOR DO PAVILLÓN, PARA OUTRA COUSA QUE NON SEXA ACUDIR OS BAÑOS.

RECORDAR TAMEN QUE **IMPRESINDIBLE PRESENTAR TICKET PARA ACCEDER A FESTA E RECOLLER A MERENDA.**

A TODOS GRAZAS POLA VOSA PARTICIPACIÓN, ESPERAMOS QUE SEXA DO VOSO GUSTO, ESTAREMOS ENCANTADOS DE QUE PARA O VINDEIRO CURSO ESCOLAR, TEÑAMOS VOLUNTARIOS/AS PARA PARTICIPAR NA XESTIÓN DESTA ANPA, DISCULPARNOS CONVOSCO SE EN ALGO NON ESTIVESTES DACORDO, TEDES A ANPA ABERTA A COLABORAR PARA MELLORAR NAS COUSAS NAS QUE FALLAMOS.